

## **EDÍTASE POR VEZ PRIMEIRA DENDE 1848 A NOVELA QUE NARRA O ASASINATO DO ARCEBISPO DE SANTIAGO**

- **Relata un feito real perpetrado en xuño de 1366 ás portas da Catedral de Santiago, que costou a vida ao arcebispo Suero de Toledo mailo seu deán.**
- **A obra leva por título *La marquesa de Camba*, e foi escrita polo xornalista santiagués Antonio Neira de Mosquera.**
- **A primeira edición (1848) desapareceu axiña do mercado debido á censura. Agora aparece en co-edición de Alvarellos Editora/Consortio de Santiago.**

Esta semana aparece nas librarías unha novela histórica galega que permanecía totalmente esquecida: trátase de *La marquesa de Camba* e o seu autor é o xornalista compostelán Antonio Neira de Mosquera (1823-1854). Alvarellos Editora, en co-edición co Consortio de Santiago, rescata esta historia real publicada por vez primeira –e única, ata hoxe– en Madrid en 1848. O relato narra o asasinato, en xuño de 1366, ás portas da Catedral de Santiago, do arcebispo don Suero Gómez de Toledo mailo seu deán Pedro Álvarez. Un suceso que conmocionou á sociedade da época.

Os exemplares da primeira edición de 1848 foron axiña retirados pola censura, co que o libro pasou a ser un obxecto de culto, inexistente ata hoxe na maior parte das bibliotecas e arquivos.

A publicación que agora presentamos, ao coidado de Xosé Ramón Fandiño, é a primeira dende aquela de 1848 (se exceptuamos a tradución ao portugués aparecida en Porto en 1852).

A novela posúe o atractivo das mellores tramas de acción. Un asasinato que vai xermolando dende as primeiras páxinas entre traizóns, paixóns amorosas, vinganzas... e a clave deste tráxico acontecemento: as loitas polo poder entre dous irmanastros, Pedro I e Henrique de Trastámara.

Xosé Ramón Fandiño sinala, no amplo e documentado estudo introdutorio, que “partindo do feito real do asasinato de don Suero, Neira constrúe o seu relato ou novela histórica utilizando a técnica romántica de recrear o ambiente medieval de castelos feudais [aparece, en varias ocasións, o Castelo da Rocha], preferencia por paisaxes nocturnas, tormentas e naufraxios marítimos, e introduce a novidade de concederlle a categoría de personaxe central, en detrimento do seu fillo Fernán Pérez, á Marquesa de Camba”.



Pola súa banda, Henrique Alvarellos mostra o seu agradecemento “ao Consorcio de Santiago, pois a súa participación, como co-editor, nesta obra, permítenos apostar por edicións moi coidadas e contribuír a rescatar textos importantes para a historia de Santiago e de Galicia como é esta novela”.

*La Marquesa de Camba* será presentada en Santiago o próximo mes de outubro, nun acto público presidido polo alcalde da cidade e presidente do Consorcio, Xosé Sánchez Bugallo.

## O AUTOR

**Antonio Neira de Mosquera** (Santiago, 1823-1854) foi un dos precursores do Rexurdimento cultural de Galicia do último terzo do século XIX. Pertenceu a unha xeración de mozos universitarios, optimistas, loitadores, agrupados na Academia Literaria de Santiago (fundada en 1831), na que tamén atopamos a Añón, os irmáns Faraldo e Camino, Rúa Figueroa, Romero Ortiz...

Tal e como recolle Xosé Ramón Fandiño no limiar de *La marquesa de Camba*, Neira de Mosquera cultivou todos os xéneros literarios (articulista, novelista, dramaturgo, crítico histórico e literario, monografías...). Como xornalista foi director de *El Recreo Compostelano*, con Antolín Faraldo como director adxunto. Para Benito Varela Jácome "Neira era el escritor más versado en la historia compostelana".

Durante a súa estada en Madrid colaborou, entre outros, no *Semanario Pintoresco Español*, revista ilustrada fundada por Mesonero romanos e na que tamén escribían Zorrilla, Fernán Caballero ou o Duque de Rivas.

Morreu aos 31 anos de idade, en Compostela, un 9 de xullo de 1854. Xa case moribundo, ditara o seu derradeiro artigo, “El poeta Sombra”, a Benito Vicetto, un grande admirador seu.

- *Para contactar con Xosé Ramón Fandiño: 981 58 64 77 / 636 837 174.*
- *Para contactar con Henrique Alvarellos: 609 90 88 52*

